

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|--------------------|---------------|
| 36019414 | IES A Basella | Vilanova de Arousa | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua galega e literatura | 1º ESO | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 31 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 33 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 33 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 34 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 35 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 36 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 38 |
| 7.2. Actividades complementarias | 39 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 40 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 42 |
| 9. Outros apartados | 42 |

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Oriéntase tamén á adquisición de vínculos co patrimonio cultural galego e, sobre todo, coa lingua galega, procurando que sexa asumida como lingua propia de Galicia, afianzando a súa transmisión e impedindo a substitución lingüística.

Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono.

O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos.

O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios, estimulando á súa vez a escritura creativa con intención literaria.

O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

No tocante ao alumnado do IES A Basella de Vilanova de Arousa, cómpre resaltar que a maioría vive nun medio ruralmariñeiro ou semi-urbano e pertence maioritariamente á clase media ou media-baixa. Segundo especifica o PEC do Centro, unha boa porcentaxe amosa unha actitude positiva cara aos estudos, mais pouco máis da metade está motivado para estudar e máis dun 25% non quere continuar cos seus estudos. Se a isto lle engadimos que o galego está deixando de ser a lingua habitual da maioría do alumnado, que mesmo empeza a presentar dificultades para manter unha conversa en galego, o reto que se presenta é maior. Nese sentido, esta proposta didáctica intenta propoñerlle ao alumnado proxectos atractivos, onde vexan a lingua galega como unha ferramenta útil e moderna.

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de ESO está articulada arredor de seis unidades didácticas e abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos. En cada unidade pártese dunha lectura directamente relacionada cos contidos que se van desenvolver na propia unidade e adoitan tratarse, ademais, diferentes elementos transversais.

En cada trimestre proporáselle ao alumnado un proxecto a desenvolver, nalgúns casos en grupo, noutros de xeito individual, que lles permita poñer en práctica todos os coñecementos adquiridos, desenvolver distintas competencias clave e gañar en autonomía.

Finalmente, proporanse varias lecturas obrigatorias para cada trimestre do seguinte xeito: 1 lectura común a todo o alumnado no 1º e 2º trimestre que dea pé á lectura compartida na aula e a traballar a entoación e a comprensión oral e unha selección de lecturas no 3º trimestre de entre as que escollerán 1 en función dos seus gustos (e mesmo poderán propoñer eles) con títulos dos que hai exemplares, sen excepción, nos fondos da Biblioteca do centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|---------|-------|-------|----|---------|
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Mándame un was! | Avaliación inicial (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita, gramática e lectura). A comunicación e os compoñentes do feito comunicativo. Grao de formalidade e elección de rexistro. Os rexistros lingüísticos. Comunicación oral e comunicación escrita. Textos do ámbito social: redes sociais. Vocabulario. Sons e Grafías. Os dígrafos. Uso do dicionario. Corrección ortográfica. Uso de C/Z. Biografía e diversidade lingüística da aula. Textos literarios e non literarios. Os xéneros literarios. O noso proxecto. Libro de lectura. | 16 | 26 | X | | |
| 2 | Que medo! | Os relatos de tradición oral: contos, lendas. O texto narrativo. Libro de lectura. Uso coherente das formas verbais e correlación temporal no discurso relatado. Tema, resumo e definicións. Substantivo e adxectivo. Xénero e número. Clasificación. A comparación. Sílabas átonas e tónicas. Palabras agudas, graves e esdrúxulas. Acentuación. Familias lingüísticas e linguas do mundo. O texto narrativo literario. O noso proxecto. Libro de lectura. | 16 | 23 | X | | |
| 3 | Así somos. | Poesía e regueifa. O texto descritivo. Vocabulario de características para describir e partes do corpo. O campo semántico. Artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais. Función como determinante ou pronome. Acentuación. Ditongos e hiatos. As familias lingüísticas de Europa. O texto poético. O noso proxecto. Libro de lectura. | 17 | 22 | | X | |
| 4 | Conversamos. | A conversa. Tomar/ceder a palabra, tipo de interlocutores. O texto dialogado. Ampliación de vocabulario. Uso de | 17 | 23 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Conversamos. | sinónimos e antónimos. O pronome persoal. Signos de puntuación. Uso de guións (especialmente en diálogos). Recoñecemento das linguas da Península Ibérica: portugués, éuscaro, catalán. O teatro. O noso proxecto. Libro de lectura. | 17 | 23 | | X | |
| 5 | Búscanse reporteiros! | Os medios de comunicación orais e escritos. A prensa. O verbo regular. Formas e uso. Diferenza entre verbo regular e irregular. Concordancia. Tipos de predicado. Ortografía. Uso de H, B/V. A lusofonía. A literatura de xénero: novela negra, de acción... O noso proxecto. Libro de lectura. | 17 | 23 | | | X |
| 6 | 3, 2, 1... Vacacións! | O texto expositivo. A exposición oral. A exposición escrita. O esquema. Outros tipos de palabras. Preposicións, adverbios, conxuncións e interxeccións. O til diacrítico. Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego. Banda deseñada e cómic. O noso proxecto. Libro de lectura. | 17 | 23 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1 | Mándame un was! | 26 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos propios das redes sociais. | | |
| CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Coñece os compoñentes do feito comunicativo, o grao de formalidade e o rexistro lingüístico adecuado. Aplica estes coñecementos para redactar textos escritos sinxelos adecuados, coherentes e cohesionados. | | |
| CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos e os usos manipuladores da linguaxe en textos propios das redes sociais e coñece os riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. | | |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos sinxelos. Diferenza entre textos literarios e non literarios atendendo á intención do emisor. | PE | 75 |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos. Diferencia en función disto entre textos literarios e non literarios e identifica os tres grandes xéneros literarios. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos para enriquecer textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. Coñece e utiliza vocabulario das redes sociais e tics. Coñece e utiliza correctamente c/z. | | |
| CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios e fai propostas de mellora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. Diferencia entre son e grafía. Coñece e sabe utilizar o alfabeto galego. Identifica e sabe utilizar grafías e dígrafos. | | |
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica e argumenta o propósito comunicativo do emisor e os efectos no receptor. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece a biografía e diversidade lingüística da aula e as variedades dialectais do alumnado. | | |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma, contido, idoneidade e eficacia de textos escritos, orais e multimodais sinxelos. | | |
| CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza narracións e exposicións orais sinxelas dos xéneros discursivos propios do ámbito social (redes sociais) axustándose ás convencións que lle son propias con fluidez, coherencia e co rexistro adecuado. | TI | 25 |
| CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais no traballo en equipo, con actitude de escoita activa, de cooperación conversacional e de cortesía lingüística durante o desenvolvemento do "proxecto". | | |
| CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas. | Utiliza de maneira guiada o dicionario, tanto en papel como en rede. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. |

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | Que medo! | 23 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Coñece, busca información e valora as familias lingüísticas e as linguas do mundo. | PE | 75 |
| CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, especialmente narrativos. Identifica o tema e iníciase no resumo das ideas principais. | | |
| CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Redacta textos escritos e multimodais sinxelos, especialmente narrativos, con coherencia, cohesión e co rexistro adecuado. | | |
| CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os seus propios textos a partir da reflexión metalingüística. | | |
| CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os efectos no receptor. | | |
| CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, así como os abusos e usos manipuladores da linguaxe. | | |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos sinxelos, especialmente do xénero narrativo. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos, especialmente os do xénero narrativo. | | |
| CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Explica obras a partir da análise das relacións internas dos seus elementos atendendo á configuración dos xéneros literarios, neste caso, o narrativo. Identifica as características propias do xénero narrativo e identifica e recoñece o tipo de narrador. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Relaciona os textos lidos con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos. | | |
| CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea textos persoais do xénero narrativo con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. ifRecoñece sílabas, diferencia entre sílabas átonas e tónicas e coñece e aplica as regras básicas de acentuación (palabras agudas, graves e esdrúxulas). | | |
| CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios a partir da reflexión metalingüística. Recoñece e identifica substantivos e adxectivos. Flexiona en xénero e número adxectivos e substantivos. Clasifica substantivos e adxectivos. Utiliza correctamente o comparativo en galego. | | |
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas. | Coñece aspectos básicos do funcionamento da lingua. Recoñece e identifica substantivos e adxectivos. Coñece as regras básicas da flexión de xénero e número en adxectivos e substantivos. Clasifica substantivos e adxectivos. Coñece o uso do comparativo en galego. Utiliza dicionarios en rede. | | |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma, contido, idoneidade e eficacia de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, especialmente narrativos. | TI | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza narracións e exposicións orais sinxelas axustándose ás convencións propias do xénero discursivo narrativo (relatos de medo, Samaín) con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado. | | |
| CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais no traballo en equipo con actitudes de escoita activa, de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |
| CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | Fai un uso crítico, seguro e sustentable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e tratamento da información. | | |
| CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respecto aos principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información procedente de diferentes fontes cun punto de vista crítico e respectando a propiedade intelectual (especialmente no desenvolvemento do proxecto). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de |

Contidos

- usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | Así somos. | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Coñece, busca información e valora as familias lingüísticas de Europa e a súa relación coas linguas da Península Ibérica e coas súas características. | PE | 75 |
| CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos. | | |
| CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos, especialmente descritivos. | | |
| CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado, especialmente descritivos. Utiliza vocabulario e conectores variados (dun corpus previo). | | |
| CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os propios textos de maneira guiada e fai propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística. Utiliza vocabulario variado na descrición (campo semántico das partes do corpo, características...). Coñece e xoga con diferentes conectores para evitar repeticións. | | |
| CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos sinxelos, especialmente pertencentes ao xénero poético. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valora a forma e o contido de textos sinxelos, especialmente pertencentes ao xénero poético. | | |
| CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Explica e argumenta a interpretación de obras lidas atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios. Coñece e valora o xénero poético e as súas características. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Establece vínculos entre os textos lidos e outros textos en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos. Coñece e identifica características formais básicas (métrica, rima, verso, estrofa, poema) e recursos estilísticos de repetición (anáfora, paralelismo...). | | |
| CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes empregando as convencións do xénero poético xogando cos recursos estilísticos de repetición. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. Coñece e utiliza os signos e regras de acentuación. Diferencia entre hiatos e ditongos e aplica as regras de acentuación pertinentes. | | |
| CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios de maneira guiada a partir da reflexión metalingüística utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. Coñece e utiliza ben os determinantes. | | |
| CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor e os efectos no receptor. | | |
| CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas. | Formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua, especialmente sobre os determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais. Formas, función (determinante ou pronome) e uso. Utiliza dicionarios en rede. | | |
| CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realiza narracións e exposicións orais sinxelas axustándose ás convencións propias do texto poético participando no obradoiro de regueifa. | TI | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | Participa en interaccións orais informais no traballo en equipo (proxecto) e en situacións orais informais con actitudes de escoita activa, cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información de maneira guiada procedente de diferentes fontes cun punto de vista crítico e respectando a propiedade intelectual (p.e. no desenvolvemento do proxecto). | | |
| CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | Adopta hábitos de uso crítico e seguro das tecnoloxías dixitais nas súas buscas de información. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Elixo e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

Contidos

- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os eixes do currículo da materia de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos; o fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a apropiación dun patrimonio lingüístico, literario e cultural, así como a reflexión sistemática sobre o aspecto formal da lingua, co fin de mellorar e enriquecer a propia competencia.

Igual que que os eixes e as competencias son variadas, así tamén o debe ser a metodoloxía aplicada, que será activa e basearase na participación do alumnado fuxindo da exposición maxistral. Intentarase que o alumnado participe activamente nas clases, fomentando a aprendizaxe por descubrimento e dedución, de xeito que non reciban pasivamente os coñecementos, senón que eles/elas mesmos/as procuren as súas informacións, manexen diversos materiais, accedan a distintas fontes, descubran distintos puntos de vista sobre os temas, relacionen varios planos diferentes do saber...

- Intentarase sempre partir de feitos concretos e relacionados coa vida real como punto de arranque para que os coñecementos e destrezas adquiridos teñan unha aplicación que o alumnado vexa como real e útil.
- Alternarase traballos individuais con traballos cooperativos que favorezan as relacións entre o alumnado ao tempo que os axuden a ser co-responsables e a axudarse os uns aos outros para a consecución dun fin.
- Tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos en función das súas necesidades. Aplicaranse as medidas de reforzo, apoio e calquera outras que fosen precisas. Do mesmo xeito, intentarán detectarse e pontenciar as calidades, destrezas e valías de cada alumno/a para que poida a partir delas realizarse e mellorar.
- Potenciarase a coordinación e colaboración con outros departamentos, biblioteca, EDNL na realización de proxectos, actividades, TIL, etc.
- Por último, xa que estes obxectivos propostos na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, haberá que partir destes últimos. Por este motivo, antes de comezar cada unidade e de presentar cada novo contido, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan e conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

En función de todo isto, as LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE serán as seguintes:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a

capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos como en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudiantado.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua galega e co equipo de biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese. As revistas escolares e as saídas didácticas (museos, exposicións, espectáculos...) son unha mostra deste traballo conxunto. Así mesmo, as actividades interdepartamentais en formato audiovisual (radio, televisión, documentais...) tamén poden ser instrumentos útiles e para a adquisición, produción e intercambio de contidos relacionados con distintas disciplinas. Todos eles deben contribuír á mellora nos procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a todo o que teña que ver coa alfabetización informacional.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquiera unha maior proxección internacional.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos. Tamén poden incorporarse procedementos que enriquezan os seus traballos e que permitan a súa difusión en distintos formatos (realidade aumentada, códigos QR...).
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquiera as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (podcasts, informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (audiocontos, videopoemas, booktrailers, booktubers, tutoriais...).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico -tanto vocálico como consonántico-, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas máis xenuínas da lingua galega.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos. O alumnado debe comprender que non hai unhas linguas mellores ca outras, considerar isto non deixa de ser racismo lingüístico.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo como noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para aprofundar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--------------|
|--------------|

Procurarase que os materiais que se empreguen no proceso de aprendizaxe sexan axeitados para a idade e nivel do alumnado e deberán ser variados, áxiles e idóneos para o aspecto a traballar. Utilizaranse:

- Unidades didácticas elaboradas pola profesora como base para o traballo diario subidas a edixgal.
- Fotocopias de textos ou artigos que completen este material.
- Dicionarios, gramáticas, etc. en papel pero, sobre todo, enlaces de dicionarios, gramáticas e correctores de estilo online:

Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>

Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>

Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

- Cadernos de exercicios e calquera outro material que sexa preciso para o alumnado que precise reforzo ou apoio en toda a materia ou nalgún aspecto concreto (en papel e/ou subido a edixgal).
- Libros, cómics, bandas deseñadas, libros ilustrados, filmes, gravacións musicais e teatrais...
- Enlaces a cotovia e outras páxinas de exercicios en lingua galega en rede (sobre todo para traballar o vocabulario e a ortografía).
- Enlaces a revistas e xornais, xornais en papel, así como gravacións de telexornais e anuncios publicitarios para traballar a unidade dos medios de comunicación.
- Xogos didácticos e enlaces a xogos didácticos en rede.
- Drive, especialmente para facer o seguimento do traballo de cada alumno/a nos proxectos de cada trimestre, formularios de google, etc.
- Por suposto, o portátil do alumnado (somos centro Edixgal) como unha ferramenta máis de traballo e como unha fonte máis de aprendizaxe e de busca de información.
- A equipación das aulas (pantalla dixital, canón, ordenador, encerado dixital, biblioteca de aula...).
- A biblioteca e a videoteca do centro que ofrecen libros, ordenadores, xornais, revistas, vídeos, xogos educativos, etc. Nelas o alumnado poderá atopar tamén os libros de lectura obrigatoria, que será un por trimestre:

1º trimestre

Antía Yáñez, O misterio de Portomarín.

2º trimestre

Ledicia Costas, A balada dos unicornios.

3º trimestre

Poderan escoller UN entre os seguintes títulos ou ben seleccionar libremente entre o catálogo da biblioteca (supervisado pola profesora):

- Fantasía: Elena Gallego Abad, Dragal I. A herdanza do dragón.
- Aventuras: Anxo Fariña, Os Megatoxos (calquera da serie).
- Histórico: Marina Mayoral, Tristes armas.
- Teatro: Xosé A. Neira Cruz, O punto da escarola.
- Poesía: Fran Alonso, O meu gato é un poeta.
- Cómico: Xulia Pisón, Irene, a porteira.

E, en fin, todos os recursos do centro e do seu entorno que sexan aproveitables como posible material que nos facilite o coñecemento dos aspectos máis diversos. O concepto de material escolar será, pois, o máis aberto, flexible e variado posible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Constitúe, ademais, un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de

alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Constará das seguintes partes:

2ª sesión: Xogo da maleta. Cada alumno/a levará 2 ou 3 cousas que o representen e terá que presentarse ao resto do grupo-clase e explicar por que son significativas para el/ela. A profesora na 1ª sesión, despois de presentar a materia e explicar o básico do funcionamento do curso, será a primeira en facer a presentación. Con esta actividade búscase traballar a cohesión dentro do grupo, pero tamén tomar notas sobre o nivel de lingua oral do alumnado. Funciona moi ben co alumnado de 1º de ESO que provén de diferentes centros para perder a vergoña e soltarse a falar.

3ª sesión: A partir dun texto escrito, preferentemente narrativo ou expositivo, formularanse preguntas de comprensión, así como unha de expresión escrita (continuar o relato, normalmente, ou opinar sobre o que se di no texto) para comprobar o nivel medio do grupo en ambas as destrezas (comprensión e expresión escrita), pero tamén para detectar xa o nivel individual, as posibles carencias ou problemáticas, etc. Tamén responderá cuestións básicas de gramática, ortografía, sociolingüística e literatura a partir de preguntas e exercicios breves de diferente tipo (preguntas breves, xogos, exercicios de completar, etc.).

4ª sesión: Coa axuda do corpus da biblioteca do centro, leremos os primeiros capítulos dunha obra narrativa. Comprobaremos a lectura individual en voz alta, a dicción e a entoación do alumnado e, ademais, a comprensión.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 16 | 16 | 17 | 17 | 17 | 17 | 100 |
| Proba escrita | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 | 75 |
| Táboa de indicadores | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 |

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse por repartir o peso na cualificación final nun 25% para as táboas de indicadores fronte a un 75% das probas escritas. Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia. A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación entre elas e farase como segue:

- 70% - 2 probas escritas en cada trimestre, unha por cada unidade didáctica, que farán media entre si.
- 10% - Libro de lectura. Haberá un que se irá traballando ao longo do trimestre na aula (lectura en voz alta, resumo, posta en común e opinión persoal, busca de información sobre aspectos relacionados co libro, exame de seguimento, cuestionario). Será avaliado cun exame de preguntas escrito (5%) e con táboa de indicadores as outras actividades (5%). As lecturas dos dous primeiros trimestres estarán marcadas e serán comúns para todo o grupo, a do último trimestre será de escolla libre, con orientacións e supervisións da profesora.
- 10% Traballo de aula avaliado con táboas de indicadores (caderno, exercicios de entrega por edixgal de distinto tipo, exercicios e buscas de información...).
- 10% Proxecto, avaliado con táboa de indicadores. Haberá un por cada trimestre que se irá desenvolvendo ao longo deste. Puntuaranse tres aspectos: o produto final, o comportamento e colaboración de cada alumno/a no grupo cooperativo e o traballo individual que lle corresponda a cada alumno/a.

A nota final será a media aritmética das notas obtidas nos tres trimestres. Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de 5 puntos.

Criterios de recuperación:

O docente realizará un breve informe de avaliación individualizado para que o alumnado e as familias teñan claros os contidos a recuperar.

Rematado cada trimestre, o alumnado que teña a materia suspensa terá opción de recuperala seguindo os seguintes criterios:

1. Unha proba escrita que se realizará a principios do seguinte trimestre, en data a acordar coa profesora.
2. Para recuperar o proxecto, o alumnado deberá repetir ou facer a súa parte e entregala a principios do seguinte trimestre nas datas que indique a profesora.
3. Para recuperar as tarefas e traballo de aula, o alumnado deberá repetilas e entregalas a principios do seguinte trimestre nas datas que indique a profesora.

A nota final será a media aritmética das cualificacións obtidas polo alumno/a en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas.

Se non fose capaz de aprobar a materia consumidas todas estas opcións, o alumnado aínda se poderá presentar a unha proba final na que se examinará de todos os contidos da materia e entregará a parte dos proxectos e das tarefas e traballos de aula que corresponda. A nota final será a suma de cada unha destas partes.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar tres boletíns de actividades e exercicios, correspondentes á materia que se traballou no curso anterior. Terán dúas vías para aprobala:

a) Entregar os tres boletíns (un por avaliación) correctamente feitos e completos no período establecido, e aprobar a primeira e segunda avaliación do curso superior.

b) De non aprobar coa opción a, o alumnado terá a posibilidade de presentarse a un exame final no que será avaliado de toda a materia do curso que teña pendente

Por acordo departamental ocuparase do alumnado coa materia pendente de 1º de ESO do curso pasado o profesorado que imparta a materia de lingua galega en 2º da ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

O artigo 21 do Decreto 156/2022 do 15 de setembro recolle que “Na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso”.

“Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares que lles permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas adecuada ás características do seu alumnado. Entre esas medidas teranse en conta as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a exención da Segunda Lingua Estranxeira, a oferta de materias optativas, os programas de reforzo e as medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Estas medidas estarán orientadas a permitirlle a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente. Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas”.

En base a isto, o profesorado comezará a traballar a partir da avaliación inicial e en coordinación co Departamento de Orientación proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias:

1. No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, faráselle un plan personalizado que incluíra a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, así como as estratexias e medidas aplicadas no curso anterior e as que se aplicarán no presente. Farase un seguimento ao longo do curso e revisarase en cada sesión de avaliación o seu desenvolvemento e aproveitamento.

2. No caso do alumnado que teña a materia pendente dun curso anterior, faráselle un plan personalizado (como xa se recolle noutro apartado deste documento) de seguimento e reforzo encamiñado á recuperación desta materia. Farase un seguimento ao longo do curso e revisarase en cada sesión de avaliación o seu desenvolvemento e aproveitamento.

3. No caso de que se produza durante o curso algunha incorporación tardía de alumnado ao sistema educativo, terase en conta o artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que inclúe que poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con

relación á exención da materia de lingua galega. Ademais, estarase especialmente pendente de que comprenda o que o profesor di, explica ou pide e axudarase á súa paulatina adaptación á nosa lingua e sistema educativo.

4. Como medidas extraordinarias, realizaranse as ACS (adaptacións curriculares) que sexan precisas a partir da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular que será o punto de partida para o axuste do currículo e a elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno. A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.

5. Como mediadas ordinarias, realizaranse os reforzos educativos (RE) necesarios, que variarán en función das necesidades do alumno/a (máis tempo na realización das probas e tarefas, explicar ou redactar con maior claridade preguntas, etc.) e recollerase a data de inicio e a de finalización do mesmo.

6. No caso de alumnado con altas capacidades, aplicarase o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais e seguiranse as indicacións do Departamento de Orientación para adoptar aquelas medidas ordinarias e extraordinarias que sexan precisas. Ademais, o profesorado aplicará as seguintes medidas máis xenéricas:

- Potenciar o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral -grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc, nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións.
- Respetar a diversidade de todo o alumnado, sendo coidadosos e coidadosas coas expresións usadas nas súas interaccións. En especial, que acepte o feito diferencial do alumnado con altas capacidades intelectuais como elemento enriquecedor do grupo.
- Fomentar un bo clima de aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos.
- Intervir ante os posibles prexuízos e/ou estereotipos que poidan xurdir na aula, evitando comparacións entre iguais e tendo en conta que cada alumno e cada alumna é singular.
- Promover habilidades de intelixencia emocional para afrontar situacións que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aquelas outras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas.
- Potenciar o rol do profesor como mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Compaxinar actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas.
- Posibilitar o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese.
- Impulsar proxectos que potencien a creatividade e inducir situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.
- Reforzar a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente.
- Facilitar experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos.
- Promover a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real no seu contorno.
- Ofrecer posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.

7. No caso de alumnado con TDAH, se o houber, aplicarase o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario:

- debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes,
- estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda,
- contará cunha axenda que o axudará na súa organización,
- evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Ademais, implementaranse outras medidas comúns a todo o alumnado con necesidades:

- Dedicar 5 minutos ao inicio da clase para explicar como se vai desenvolver e estruturar esta e avisar 2-3 minutos antes de que está a piques de rematar.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico e variar o tipo de exercicios.
- Explicar cada actividade con calma e claridade e asegurarse de que entendeu.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Manter o contacto visual sempre que sexa posible.
- Preguntar con frecuencia a todo o grupo (para que non se sinta sinalado/a) se se entende a explicación, a tarefa, etc., pero comprobando visualmente que segue o ritmo da clase.
- Segmentar/fragmentar as actividades longas e mesmo entregalas “por fascículos”.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Conseguir a colaboración dos compañeiros/as para que o axuden a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (contacto visual, sorrisos, eloxios privados e públicos, etc.)
- Ofrecerse a quedar ou directamente quedarse ao final da clase para dar pé a que poida preguntar, pedir aclaracións, etc. (moitas veces por timidez ou vergoña non o fan cos compañeiros/as presentes).
- Propoñerlle exercicios ou cadernos para reforzar aquelas partes nas que o precise, sempre de xeito voluntario e preferiblemente evitando que sexan excesivamente longas ou pesadas.
- Nas probas escritas:
 - fixar as datas con tempo,
 - facer sempre un repaso previo ao exame que lles permita coñecer a estrutura deste (especialmente importante antes da primeira proba escrita),
 - se son moi longos, repartir os exames escritos en varios días,
 - facer preguntas breves, claras e que non dean lugar a dobres sentidos,
 - ler con el/ela as preguntas do exame e asegurarse de que entende que ten que facer,
 - adaptar os exames, en caso necesario (orais, en ordenador...),
 - dar máis tempo de ser necesario,
 - utilizar un tipo de letra de maior tamaño e deixar espazo suficiente para contestar debaixo de cada pregunta,
 - pedir que revisen o exame unha última vez antes de entregalo e comprobar que respondeu a todas as preguntas.
- E, por último, contar coa colaboración do PT, que preferiblemente entrará nas aulas, para reforzar e apoiar a aquel alumnado con necesidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | | X | | X | |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | | X | | | X | |
| ET.11 - Formación estética | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Concienciación sobre o cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

O Decreto 156/2022 do 15 de setembro que establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria recolle que "sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias".

Engade que "En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social".

Todos estes contidos transversais serán traballados nas distintas unidades en maior ou menor medida.

Os dous primeiros estarán presentes non só como contidos transversais, senón como competencias da propia materia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Colaboración coa Biblioteca do centro na celebración do Samaín. | O alumnado realizará lecturas dos seus relatos de medo a outros grupos do 1º ciclo e /ou na biblioteca do centro. Tamén se poderán realizar gravacións e podcasts. | X | | |
| Obradoiro de regueifa. | Participación nun obradoiro de regueifa en relación coa unidade 3 que xirará arredor do texto poético e a poesía. | | X | |
| Actividades de día de Rosalía. | En colaboración coa biblioteca do centro, o departamento ofertará actividades relacionadas co Día de Rosalía de Castro (recitado e gravación de podcasts, kahoots e xogos na aula e na biblioteca, exposición de traballos máis plásticos no corredor central...). | | X | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Semana das Letras Galegas. | En colaboración coa biblioteca do centro, o departamento ofertará actividades para o primeiro ciclo (xincana das letras, buscas do tesouro, recitados, realización e exposición de cartaces...). | | | X |
| Apadriñamento lector. | En colaboración coa biblioteca, acudirase a un dos centros de primaria da contorna (Xulio Camba, Viñagrande e/ou a Illa) a apadriñar lectores. Participará o alumnado do 1º ciclo de ESO, pero aínda non está decidido o curso. | | | X |
| Búscanse reporteiros. | Relacionado coa unidade 5, buscaremos reporteiros que cubran as noticias relacionadas co centro (actividades, saídas, excursións, visitas de persoeiros...) para colaborar na realización da revista do centro. | | | X |
| Exposición de cómics e bandas deseñadas. | En relación co tratamento do cómic e banda deseñada na unidade 6, e en colaboración co departamento de Plástica, o alumnado realizará un breve cómic ou banda deseñada que se expoñerá no corredor central ou na biblioteca. | | | X |
| Visitas de autor. | Visita dalgún dos autores/as das obras de lectura obrigatoria, se é posible. | X | X | X |
| Exposición e publicitación dos resultados dos proxectos. | Sempre e cando sexa posible, expóranse e publicítaranse os proxectos de cada trimestre. | X | X | X |

Observacións:

A proposta feita ten carácter provisorio, xa que é probable que algunha actividade prevista non se poida realizar finalmente por algún motivo, do mesmo xeito que entra dentro das posibilidades que ao longo do curso se nos oferte algunha outra que resulte de interese (por exemplo, a posibilidade de acudir a algunha representación teatral ou algunha saída a algún roteiro relacionado con algún dos libros de lectura).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Realízase a avaliación inicial a principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. 2. Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica e fanse os reaxustes necesarios. 3. Infórmase ao alumnado dos contidos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación con detalle. 4. Faise un seguimento da programación ao longo do curso e fanse as modificacións necesarias (adequación de tempos, contidos, etc.). 5. Mantense a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de adecuación e consecución. 6. Compróbase que os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación sexan os adecuados. 7. Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. 8. Adecúanse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvólvense as actividades |

| |
|---|
| <p>Metodoloxía empregada</p> <p>1. Utilízase unha metodoloxía variada que se poida adaptar ás diferentes necesidades do alumnado. 2. Utilízanse diferentes tipos de materiais. 3. Révisanse con frecuencia os traballos e tarefas propostos na aula e en edixgal. 4. As explicacións son claras, con exemplos sinxelos e repítense as veces que sexan precisas. 5. Corríxense e explícanse de forma habitual traballos e exercicios, dando pautas para mellorar a aprendizaxe. 6. Corríxense as probas de avaliación nun tempo prudente e amósanse ao alumnado e coméntanse na aula. 7. Propóñense novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. 8. Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. 9. Combínase o traballo individual e en equipo. 10. Préstase atención aos elementos transversais.</p> |
| <p>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</p> <p>1. Utilízase edixgal e o ordenador edixgal con aproveitamento. 2. Compróbase que a organización do alumnado é a correcta para cada actividade (traballo en grupo, individual...). 3. Utilízase a biblioteca de aula con aproveitamento (libros de literatura, revistas, dicionarios, etc.) e de forma adecuada para as actividades propostas. 4. Utilízase pantalla e proxector, encerado, etc. con aproveitamento. 5. Utilízanse todos aqueles recursos de que dispón o centro con aproveitamento (biblioteca, salón de actos, aula de polos creativos, etc.).</p> |
| <p>Medidas de atención á diversidade</p> <p>1. Ofrécenselle a cada alumno/a as explicacións e aclaracións que precise. 2. Elabóranse diferentes tipos de actividades e estratexias atendendo á diversidade. 3. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ao alumnado con necesidades. 4. Utilízanse diferentes estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. 5. Aplícanse e supervísanse as ACS e os RE, realizando as adaptacións e adecuacións que sexan necesarias. 6. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc. 7. Ofértase unha hora na que o alumnado con necesidades, coa materia pendente ou que o necesite, poida acudir á profesora para solventar dúbidas, resolver problemas ou simplemente falar.</p> |
| <p>Clima de traballo na aula</p> <p>1. Respéctase a puntualidade para entrar e saír da aula. 2. Mantense un clima de traballo adecuado para cada situación (máis relaxado na realización do proxecto ou nos días de lectura colectiva, máis silencioso e de concentración nos exames, explicacións ou realizacións de exercicios). 3. Realízanse actividades que axuden a que se coñezan e se integren os alumnos e as alumnas (p.e. a maleta na presentación). 4. Poténciase o uso do diálogo na resolución de conflitos. 5. Trabállase o respecto polos compañeiros e polas súas opinións, o correcto uso do turno de palabra e a escoita activa e respectuosa.</p> |
| <p>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</p> <p>1. Realízase unha comunicación fluída co resto de compañeiros/as e departamentos, especialmente cos de linguas (TIL). 2. Hai unha comunicación fluída co departamento de Orientación, especialmente estreita no caso do alumnado con necesidades. 3. Colabórase cos equipos do centro: biblioteca, TIL, EDNL, etc. 5. Empréganse diferentes medios para informar do proceso de ensino-aprendizaxe e dos resultados académicos ás familias. 6. Estase a disposición das familias para aquilo que precisen.</p> |

Descrición:

É fundamental que, como docentes dispoñamos de instrumentos que nos permitan avaliar a nosa práctica docente, así como o proceso de ensino. Para tal fin utilizamos, tal e como marca a normativa vixente, indicadores de logro cos que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente". Estes indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10 e servirán para introducir as correccións e medidas oportunas no proceso de ensino e na práctica docente e recolleranse na Memoria final do Departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación didáctica foi elaborada incluíndo os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022, seguindo as directrices marcadas e acordadas nas reunións da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica) do centro e tendo en conta as propostas de mellora recollidas na Memoria do Departamento do curso anterior.

Será revisada FRECUENTEMENTE individualmente no programa PROENS ao longo de todo o curso para introducir os cambios que sexan pertinentes en función das necesidades que vaian xurdindo, prestando especial atención a:

- O grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas.
- A metodoloxía seguida e os materiais e recursos didácticos empregados.
- A adecuación do deseño das probas de avaliación inicial.
- A adecuación dos criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final.
- A pertinencia e bo resultado das medidas adoptadas con respecto ao alumnado con necesidades.
- A pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- A utilidade e bo funcionamento dos mecanismos de información ás familias.

Revisarase ademais con periodicidade TRIMESTRAL, coincidindo coas avaliacións, sen prexuízo de que nas reunións mensuais de Departamento se vaia facendo un seguimento por grupo e nivel e se vaian introducindo nas respectivas programacións as modificacións que sexan pertinentes.

A FINAL DO CURSO revisaranse as liñas xerais, sobre todo de carácter metodolóxico e de cualificación, poñeranse en común as distintas propostas de mellora nunha reunión e recolleranse as conclusións na memoria do Departamento, tomando nota de todos aqueles cambios ou modificacións que se consideren oportunas para introducilas nas Programacións do vindeiro curso.

Neste punto, para comprobar a aplicación adecuada da PD utilizaranse os seguintes indicadores de logro:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, etc.
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do profesorado e do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 0 a 10 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

9. Outros apartados